



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE FISTERRA CELEBRADA O 12/02/2021.

ASISTENTES:

Presidente:

José Marcote Suárez.

Pleno celebrado de forma telemática pola situación derivada da pandemia do Covid 19.

Concelleiros/as:

Partido Popular

José Manuel Traba Fernández.

Santiago Insúa Esmorís-Recamán.

Daniel Juan Benlloch Rivas.

Jenifer Suárez Silva.

Leonor Castreje Fernández.

Preside o Alcalde-Presidente asistido pola Secretaria-Interventora, Marta Cajide Barbeito.

Duración da sesión: 16,05 horas ás 16,20 horas.

Partido dos Socialistas de Galicia- Partido Socialista Obrero Español.

Soledad Vilela Romero.

María Rocío Mariño López.

Alexandre Domínguez Lado.

Bloque Nacionalista Galego.

Xan Carlos Sar Oliveira.

Teresa Fernández Martínez.

Secretaria-Interventora

Marta Cajide Barbeito.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

2.1.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CARÁCTER URXENTE DA SESIÓN.

O Alcalde-Presidente explica que a urxencia ven derivada para proceder a dotar de crédito a partida das axudas do Pel Reactiva, xa que a Secretaria-Interventora deuse conta de que non existía consignación orzamentaria.

Sometida a URXENCIA a votación, aprobase por UNANIMIDADE a mesma.

:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

2.2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 2/2021 POR TRANSFERENCIAS ENTRE PARTIDAS.

Vista á Memoria de Alcaldía de data 11 de febreiro de 2021, que se transcribe a continuación:

“Vista a Resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña núm. 2020/23462 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA DESTINADO A CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES (BOP núm. 123, do 05/08/2020) e por Resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña nº 2020/24109 de data 07/08/2020 modificouse a anterior Resolución (BOP núm. 128, do 12/08/2020). Nas citadas bases inclúese a Norma 18: Bases específicas reguladoras das axudas de concellos adheridos ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia.

Visto que por acordo plenario da sesión celebrada o 01/10/2020, o Concello de Fisterra adhiérese ao fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña, para convocar unha liña de axudas para mitigar o excepcional impacto económico e social derivado da crise sanitaria ocasionada pola covid-19 e a entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma e as súas posteriores prórrogas.

Visto o Decreto de Alcaldía 295/2020 de 2 de novembro de 2020 polo que se aproban as bases específicas reguladoras das axudas do Concello de Fisterra a microempresas e autónomos/as como Concello adherido ao Fondo de Financiamento para a reactivación económica e social da provincia.

Revisado o expediente por parte da Secretaria-Interventora se indica no informe emitido o 10 de febreiro de 2021, que non consta que se fixerá xeración de crédito pola parte correspondente a Deputación Provincial por un total de 56,359,93 Euros e se suplementará a partida pola aportación municipal, que lle correspondía ao Concello nese momento que comporta un importe de 14.089,98 Euros (20%).

Por Decreto de Alcaldía de 11 de febreiro de 2021 aprobouse o expediente de modificación orzamentaria 1/2021, modalidade xeración de crédito, por importe de 56.359,93 na partida orzamentaria 430.479.00.

Á vista de que o importe de concesión de axudas na resolución de concesión provisional do PEL REACTIVA ascende a un total de 71.500,00 Euros, precísase suplementar a partida orzamentaria 430.479.00 para poder dotala de crédito adecuado e suficiente por un importe de 15.140,07 Euros, que se propón detraer das seguintes partidas:

-Partida 338.480.00 (Subvencións varias) –Importe a transferir á partida orzamentaria 430.479.00 : 7.000,00 Euros.

-Partida 341.480.00 (Outros deportes) –Importe a transferir á partida orzamentaria 430.479.00 : 1.000,00 Euros.

-Partida 341.226.09 (Actividades deportivas) –Importe a transferir á partida orzamentaria 430.479.00 : 7.140,07 Euros.

TOTAL: 15.140,07.”



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

Por parte da Secretaria-Interventora emitiuse informe o 11 de febreiro de 2021.

Atendendo aos antecedentes de feito e fundamentos de dereito, PROPONSE ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 2/2021, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, como segue a continuación:

Baixas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Transferencia de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
338	448.00	Subvencións varias	7.000,00	7.000,00	0,00
341	480.00	Outros deportes	1.000,00	1.000,00	0,00
341	226.09	Actividades deportivas	12.000,00	7.140,07	4.859,93
		TOTAL	20.000,00	15.140,07	4.859,93

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Transferencia de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica	Subv. Microempresas e autónomoas/as para a reactivación económica e social			
430	479.00		56.359,93	15.140,07	71.500,00
		TOTAL	56.359,93	15.140,07	71.500,00

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

INTERVENCIÓNS:

Por parte do Alcalde-Presidente explícase o contido da proposta, no senso de que se trata de dotar de crédito na parte correspondente a parte proporcional ao programa Pel Reactiva.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

Para dotar de crédito, se detraerá crédito doutras partidas orzamentarias.

O Concelleiro do Partido Popular José Manuel Traba pregunta polo que fai ao contido destas subvencións, que onde se subvenciona.

Por parte do Alcalde-Presidente se responde que se subvenciona no domicilio fiscal da empresa.

Ao respecto, o Concelleiro do Partido Popular José Manuel Traba considera que se debería correxir esta situación en próximas convocatorias.

O Alcalde-Presidente afirma que efectivamente deberíase dar outra volta a estas subvencións.

Acto seguido sométese a votación a proposta, quedando ADOPTADO cos votos a favor de José Marcote Suárez, Soledad Vilela Romero, María Rocío Mariño López, Alexandre Domínguez Lado (PSG-PSOE), Xan Carlos Sar Oliveira, Teresa Fernández Martínez (BNG) e as abstencións de José Manuel Traba Fernández, Santiago Insúa Esmorís-Recamán, Daniel Juan Benlloch Rivas, Jenifer Suárez Silva e Leonor Castreje Fernández (PP).

Polo que acordo enténdese adoptado por maioría absoluta:

-6 VOTOS A FAVOR (PSG-PSOE e BNG).

- 5 VOTOS ABSTENCIÓNS (PP)

No seguinte senso:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 2/2021, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, como segue a continuación:

Baixas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Transferenci a de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
338	448.00	Subvencións varias	7.000,00	7.000,00	0,00
341	480.00	Outros deportes	1.000,00	1.000,00	0,00
341	226.09	Actividades deportivas	12.000,00	7.140,07	4.859,93
		TOTAL	20.000,00	15.140,07	4.859,93



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Transferenci a de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica	Subv. Microempresas e autónomas/as para a reactivación económica e social			
430	479.00		56.359,93	15.140,07	71.500,00
		TOTAL	56.359,93	15.140,07	71.500,00

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o alcalde levanta a sesión, sendo ás 16,20 horas do expresado día.